

I CONCURSO DE FOTOGRAFIA “MANUEL FERROL”

BASES

- Pode participar calquera profesional ou afeccionado/a maior de 18 anos, ou menores de idade, debendo presentar neste caso a correspondente autorización asinada polo tutor/a ou representante legal para a participación no concurso.
- Cada participante pode presentar un máximo de 4 obras, formadas por fotografías inéditas e exclusivas. Non se admitirán, polo tanto, fotografías que se teñan presentado a outros concursos, que teñan recibido premios anteriormente ou que foran publicadas en calquera rede social.
- Quedarán automaticamente fora de concurso aquelas fotografías que leven sinatura ou calquera outra marca identificativa.
- Cada obra deberá levar un título na parte traseira, en galego, seguido doseudónimo do/a concursante.
- Non se admiten fотomontaxes.
- As fotografías presentaranse obrigatoriamente en papel fotográfico, cun tamaño de 30x40 cm e irán centradas e montadas sobre unha cartolina branca ou negra de 40x50 cm.
- Queda a libre elección dos participantes o tipo de técnica a empregar (analóxica ou dixital) e a modalidade branco e negro ou cor. Así mesmo, deberase achegar unha copia nun CD, en formato JPEG ou TIFF, das fotografías cunha resolución mínima de 300 ppp e tamaño mínimo 10x15cm.
- Cada participante manifesta e garante que é o único/a autor/a das fotografías e titular de tódolos dereitos de autor/a sobre as mesmas. A asociación presupón que o/a autor ten permiso dos/as retratados/as. En todo caso, calquera reclamación neste sentido será sempre contra o/a autor/a das fotografías, eximindo á organización de dita responsabilidade.
- Os/as participantes cederán a organización de forma exclusiva e con carácter gratuito, tódolos dereitos de reprodución das imaxes presentadas ao concurso durante o período de un ano e indefinidamente as que sexan premiadas. A organización fará mención da autoría das fotografías utilizadas.
- Os traballos serán entregados debidamente protexidos e dentro dun sobre pechado na Casa da Cultura de Carral.
Rúa Paleo Nº 17, 15175 Carral, A Coruña.

Dentro do sobre incluírase a folia de inscrición e cd coa copia dixital das fotografías ademais doutro sobre que indicará no exterior o título da foto e oseudónimo anotado na fotografía. Este sobre conterá a seguinte documentación: fotocopia do DNI, datos do participante (nome, enderezo, teléfono, e-mail eseudónimo utilizado para presentar a

- fotografía) así como un breve curriculum relativo á súa traxectoria no eido da fotografía.
- A data límite de presentación será o 27 de decembro de 2016
 - Coas obras presentadas fárase unha exposición, a data e o lugar será comunicado mediante a web do concurso.
 - Outorgaranse tres premios que estarán suxeitos á preceptiva retención fiscal.
 - 1º premio: 350 euros
 - 2º premio: 175 euros
 - 3º premio: 75 euros
- O xurado poderá outorgar mencións honoríficas sen valor económico, atendendo á calidade das obras.
- O xurado estará constituído por persoal cualificado en fotografía.
 - O concurso poderá declararse nulo en caso de que a participación sexa escasa. Neste caso comunicaráselle aos inscritos.
 - A decisión do xurado farase pública durante o mes de xaneiro.
 - Establécese un período de dez días dende a decisión do xurado para presentar alegacións por incumprimento das bases.
 - O título do traballo gañador e o nome e apelidos do autor daranse a coñecer mediante unha comunicación persoal ao autor e nas redes sociais do concurso.
 - A presentación de traballos neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. O incumprimento dalgún dos apartados nas mesmas levarían implícita a exclusión do concurso da obra presentada. Se as bases fosen modificadas a criterio da organización, comunicaráselle oportunamente a todos os interesados.

